

ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA. 25 DE NOVEMBRO DE 2017

Lugar: Centro Social de Baltar
Lugar de Baltar nº 26, 1º Andar - Castrelo
36639 Cambados (Pontevedra)

Hora: Ao remate da Asemblea Xeral Ordinaria

ORDE DO DÍA

Punto único. Elección da nova Xunta Directiva.

Dáse comezo á Asemblea tal como estaba previsto, ao remate da Asemblea Xeral Ordinaria, sendo ás 19:55

Asociacións asistentes:

Grupo Etnográfico Mascato, Asoc. Mar da Pedra, Asoc. de Mariñeiros Artesanais e Deportivos San Miguel de Bouzas, Asoc. Cultural Mar de Muros, Asoc. Amigos da Dorna de Portonovo, Asoc. Recreativa e Cultura Sueste, Asoc. Terra de Outes, Clube Mariño A Reiboa, Asoc. Cultural e Deportiva Dorna, Asoc. Lajareu por Barlovento, Real e Ilustre Cofradía da Dorna, Asoc. Rompetimóns, Asoc. Amigos do Museo do Mar de Galicia, Asoc. Fasquía

A mesa que preside a Asemblea está formada polos seguintes membros da Xunta Directiva:

Presidente: Manuel García Sendón

Vicepresidente: Xaquín Lores Torres

Secretario: Anxo Telmo Rincón

Tesoureira: Sara Cacheiro González

Vocais: Víctor Fernández González
Enrique Sendra Ortega

Tamén forma parte da mesa, M^a Carmen Serantes, como persoal administrativo contratado pola Federación.

Punto único. Elección da nova Xunta Directiva

O secretario informa que non se recibiron candidaturas para a elección de xunta directiva. Polo tanto, fai un chamamento a que os representantes dos colectivos asuman que é necesario que haxa un relevo na xunta directiva, e que vaia incorporándose xente nova para dar relevo aos actuais directivos, xa que cada vez asúmense máis tarefas e é necesario dispor de xente con capacidade e dispoñibilidade.

Manolo Sendón intervén para indicar que é momento de que entre xente nova e que, non seguirá asumindo a presidencia porque non considera que sexa positivo para a propia Federación nin para el mesmo, apostando por un relevo.

Anxo Telmo intervén para informar que non formará parte da nova directiva.

Por por parte da Xunta Directiva, infórmase de que se mantiveron contactos con algúns membros de colectivos para sondar a súa incorporación á nova directiva. Finalmente, Pepe Sacau e Marcos Buide acceden a formar parte da Xunta Directiva.

Polo tanto, a proposta que se presenta á asemblea para conformar a nova xunta directiva está composta por Pepe Sacau, Marcos Buide, Sara Cacheiro, Enrique Sendra, Pablo Carrera, Xaquín Lores, Víctor González e Manolo Sendón, sendo apoiada esta formación por unanimidade da asemblea.

O Secretario informa de que se tratará de incorporar a algunha persoa máis nas próximas semanas. Logo convocarase unha reunión da nova directiva onde se asignarán os cargos, para posteriormente presentalos na vindeira asemblea propoñendo a súa ratificación.

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a Asemblea, sendo as 20:20 horas.

Cambados, sábado 25 de novembro de 2017.

O Secretario

O Presidente

Anxo Telmo Rincón

Manuel García Sendón